

## Premios e dotación

Establécense un primeiro e un segundo premio:

**PRIMEIRO PREMIO**, que consistirá, para o centro docente, nun vale por valor de 1.000 euros para a adquisición de material escolar. Para o alumnado, o premio consistirá nun vale regalo por valor de 1.000 euros, que se dividirá entre o número de participantes. Para o profesor ou profesora que tutela o traballo presentado, unha tableta.

**SEGUNDO PREMIO**, que consistirá, para o centro docente, nun vale por valor de 750 euros para a adquisición de material escolar. Para o alumnado, o premio consistirá nun vale regalo por valor de 750 euros que se dividirá entre o número de participantes. Para o profesor ou profesora que tutela o traballo presentado, unha tableta.

## Resolución:

Criterios e procedemento de concesión dos premios.

1. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será dun mes contado a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación das curtametraxes.

2. O xurado encargado de analizar e de resolver os premios estará integrado polos seguintes membros:

- **Presidente/a:** conselleiro de Sanidade ou persoa en quen delegue.

- **Vogais:** o director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) ou persoa en quen delegue. Dous representantes designados pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Dous representantes da ADOS, o/a director/a da ADOS ou persoa en quen delegue, e o/a coordinador/a autonómica de transplantes da dita axencia.

O persoal técnico da coordinación autonómica de transplantes exercerá como secretario/a do xurado.

3. Logo de avaliadas as curtametraxes, o xurado emitirá unha proposta en que se concrete o resultado da avaliación efectuada. Notificarase aos premiados a hora e o lugar da entrega de premios, que se fará en acto público.

No caso de empate, o conselleiro de Sanidade terá voto dirimente.

3.1. Para a concesión dos premios atenderase aos seguintes criterios:

a) A promoción e o fomento da doazón e/ou dos transplantes nas curtametraxes.

b) A calidade, cantidade e utilidade da información que ofrece.

3.2. Por proposta motivada do xurado, os premios poden quedar desertos.

# VIII Concurso de curtametraxes

relacionado coa  
doazón e os transplantes

Coordinación de Transplantes de Galicia

Axencia de Doazón de Órganos e Sangue

**881 54 28 63**

Edificio Administrativo San Lázaro  
15703 Santiago de Compostela

[www.sergas.gal](http://www.sergas.gal)

a vida,  
o mellor agasallo



curso escolar  
2021/22

ALUMNADO DE BACHARELATO  
CICLOS FORMATIVOS E DE  
ENSINO ARTÍSTICO REGRADO

# VIII Concurso de curtametraxes

## Obxecto:

Un dos obxectivos primordiais na concienciación da doazón é o deseño de intervencións educativas dirixidas a mellorar a opinión da doazón e os transplantes entre a mocidade. A formación dirixida a escolares permite dotar do coñecemento preciso na materia a cidadáns que se atopan nunha idade, dende o punto de vista intelectual e social, moi receptiva, que lles permitirá tomar unha decisión propia ao respecto e que serán transmisores informados dos coñecementos adquiridos sobre doazón e transplante no seu ámbito de influencia social, académico e laboral.

## Finalidade:

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS), en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade, convoca un concurso de curtametraxes para o curso escolar 2021/22 que teña como tema a doazón e os transplantes, co fin de achegar esta realidade á poboación escolar da nosa comunidade autónoma, de modo que a mocidade sexa capaz de valorar os beneficios para a cidadanía do fomento da doazón de órganos e tecidos.

## Destinatarios:

Poderá participar no concurso de curtametraxes o alumnado de bacharelato, ciclos formativos de grao básico, medio e superior e de ensino artístico regrado de todos os centros educativos, tanto sostidos con fondos públicos coma privados, da Comunidade Autónoma Galega.

## Información sobre o desenvolvemento do programa:

1. En cada clase o profesorado realizará unha actividade formativa respecto da doazón e o transplante que esperte no alumnado a sensibilidade polo tema e potencie a súa creatividade á hora de elaborar a curtametraxe.
2. A Coordinación Autonómica de Transplantes da ADOS facilitará información aos centros interesados en participar a través do teléfono 881542863 e do correo [cat.ados@sergas.gal](mailto:cat.ados@sergas.gal), así como material de apoio sobre a doazón e o transplante para realizar a actividade formativa a través da súa páxina web <https://www.sergas.gal/Doazon-e-Transplantes>.

## Requisitos:

Características das curtametraxes:

1. O contido das curtametraxes tratará sobre a doazón e os transplantes e sobre todos os aspectos relacionados con estes e terán unha duración máxima de 2 minutos (cortinas inicial e final incluídas).

2. Poderá participar neste concurso o alumnado, en forma individual ou en grupo, cun máximo de cinco autores recoñecidos por cada un dos traballos presentados.
3. Aceptaránse obras mudas ou sonoras, sempre e cando os textos e diálogos estean subtitulados en galego normativo e todas as secuencias e imaxes sexan creadas para a obra. En calquera caso, non se aceptarán obras que inclúan imaxes protexidas por dereitos de autor alleos a quen presenta a obra.
4. A técnica será libre e poderá gravarse con calquera dispositivo, incluídos os teléfonos móbiles. Presentaranse unha copia en máxima calidade.
5. As obras deberán incluír obrigatoriamente un título relacionado co fomento da doazón.
6. Só poderán presentarse aquelas obras que fosen realizadas baixo a titorización do profesorado do centro docente.
7. Ao inscribir a curtametraxe, as persoas e os grupos de participantes declaran que:
  - 7.1. O traballo presentado é orixinal e inédito.
  - 7.2. Os participantes responsabilízanse de que os contidos audiovisuais, textuais e musicais das curtametraxes presentadas non estean sometidos a propiedade intelectual de terceiros nin a posibles reclamacións legais.
  - 7.3. Todas as persoas identificables que aparecen na curta presentada, se as hai, enviarán un documento asinado de cesión de imaxe na presentación a este concurso e no uso por parte da organización de calquera maneira de difusión que esta considere oportuna.
  - 7.4. Os participantes da elaboración da curta, mediante documento asinado, concédennlle a cesión de uso á ADOS para empregar as curtametraxes seleccionadas polo xurado, utilízalas para a elaboración de traballos ou presentacións públicas ou tamén como lema dalgunha campaña relacionada coas funcións da devandita axencia.
8. As curtametraxes que non cumpran os criterios determinados nas presentes bases serán eliminadas, así como aquelas cuxo tema non sexa o sinalado nestas.
9. A ADOS, como organizadora e responsable do tratamento dos datos de carácter persoal recadados con ocasión da participación no VIII Concurso de curtametraxes, comprométese a utilizalos única e exclusivamente para xestionar o concurso, o seu desenvolvemento, avaliación dos participantes e conclusión coa entrega de premios. Os datos non serán cedidos a terceiros. Os interesados poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación,

supresión, limitación ao tratamento e, se procede, oposición ao tratamento dirixíndose á Coordinación Autonómica de Transplantes da ADOS mediante correo electrónico ao seguinte enderezo: [cat.ados@sergas.gal](mailto:cat.ados@sergas.gal).

10. A mera presentación á convocatoria representa a aceptación e coñecemento das presentes bases por parte das persoas participantes.

11. Normas de entrega da curtametraxe, pode ser de dúas maneiras:

- 11.1. En sobre cerrado ao seguinte enderezo:

### “VIII Concurso de curtametraxes”

Coordinación de Transplantes de Galicia  
Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS)  
Consellería de Sanidade  
Edificio Administrativo San Lázaro s/n  
15703 - Santiago de Compostela

- 11.2. Por correo electrónico ao seguinte enderezo: [cat.ados@sergas.gal](mailto:cat.ados@sergas.gal). No asunto constará “VIII Concurso de curtametraxes”

En calquera caso, independentemente do modo de envío, debe conter a seguinte información:

**Título**

.....  
.....

**Nome e apelidos dos/as autores/as**

.....

**Curso**

.....

**Profesor/a que titoriza a curtametraxe**

.....

**Datos do centro:** nome do centro, teléfono e enderezo

.....

.....

**Autorización para o uso de imaxe pública do alumnado menor de idade (o modelo será proporcionado por esta oficina).**

**Cesión de imaxes de todas as persoas identificadas, se as houber, que aparezan na curtametraxe (o modelo será proporcionado por esta oficina)**

## Prazos de presentación

O prazo de presentación das curtametraxes rematará o **29 de abril de 2022**.